

INSTRUCCIÓN SOLICITUDES COMEDOR ESCOLAR curso 2023-2024

- Entregarán unha única solicitude para todos os irmáns, **debidamente cuberta e asinada**, indicando os datos do/s proxenitor/es e dos fillos que solicitan o comedor escolar no CPI da Cañiza para o vindeiro curso 2023-2024.
- Deberán facer o **cálculo da declaración da renda do ano 2022** como figura no apartado "A" da solicitude de comedor e marcar o cadro que corresponda: (gratuidade total, pagar 1€, 2,50€ ou 4,50€), segundo os ingresos obtidos dos membros computables da unidade familiar a 31-12-2022. **IMPORTANTE: Os fillos maiores de 18 anos NON computan.**
- Minusvalías: **NON computa dobre** o membro da familia que a teña. Pero **é gratuito o comensal** que teña un grao de **discapacidade** igual ou superior ao 33%, achegando a documentación que o acredite.
- Se non están obrigados a facer a declaración da renda pero teñen ingresos, deberán sumar os ingresos do pai e da nai durante o ano 2022 e o resultado dividilo entre os membros da unidade familiar. Segundo o resultado final obtido, marcarán o cadro que corresponda (gratuidade total, pagar 1€, 2,50€ ou 4,50€).
- Se algún membro da unidade familiar tivo violencia de xénero no ano 2022, deberá achegar a fotocopia da documentación que o acredite.
- Serán usuarios gratuítos os alumnos que pertencen a familias que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais.

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E OBTENCIÓN DA MESMA:

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de **matrimonio** :

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En **ausencia de matrimonio** ou nos casos de **separación legal**:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade **dos fillos que convivan co pai ou coa nai** e reúnan os requisitos da modalidade anterior, os supostos **a)** ou **b)** do apartado **1**.

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro do 2022. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo, tampouco o membro que falecera durante ese período impositivo.
- Nas **parellas de feito** só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados, os supostos **a)** ou **b)** do apartado **1**. O mesmo criterio é aplicable nos casos de **separación ou divorcio con garda e custodia compartida**. O declarante será o proxenitor co que estea empadroadado o/a menor.

Todas estas situacións hai que acreditarlas documentalmente.

IMPORTANTE:

As persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos no comedor.